



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000026

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas cincuenta e nove minutos do día oito de xullo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez,. Non asiste excusando a súa asistencia dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 25.06.21.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, aprobou a acta da sesión citada.

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

.- Expte. de licenza de primeira ocupación.- nº 11/2019

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“- Expte 11/2019.- AMBER CARLA HOLDEN VILELA.- Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en **[redacted]** parroquia de **[redacted]**, Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 106/2016, licenza concedida en X.G.L. de data 27 de abril de 2017.

Visto o informe do arquitecto municipal de 5 de xullo de 2021 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder á peticionaria Amber Holden Vilela a licenza de 1ª ocupación de vivenda sita no ~~lugar de [redacted] de Valdoño~~, Valdoño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 85,95 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á interesada e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoño, 6 de xullo de 2021.

O alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

.- Aprobación informe complementario en expte. de obra maior nº 170/2020.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte. de obras 170/2020 – MARIA CLEMENTE RODRIGUEZ e EMILIO CALVO ALFONSÍN (representado por Jorge Salgado Cortizas). Informe complementario para as obras de construción de vivenda unifamiliar, ~~[redacted] Anís, Parroquia de [redacted] Valdoño.~~

E Visto que a documentación que se aporta en data un de xullo de 2021 con rexistro xeral de entrada REGAGE21e00012010562.

* Proxecto de execución ,visado.

* Nomeamento de arquitecto como director de obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado por dito colexio.

* Nomeamento do arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado por dito colexio.

* Estudio Básico de seguridade e saúde visado.

O presuposto de execución material do Proxecto de Execución ascende a cantidade de 282.915,36 €, superior o presuposto de execución material do Proxecto Básico para o cal obtivo licencia municipal de obras que era de 104.070 €, polo tanto, **deberase xirar liquidación definitiva pola cantidade de 178.845,36 €.**

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o informe complementario para as obras de construción de vivenda unifamiliar en ~~[redacted]~~, parroquia de ~~[redacted]~~ VALDOVIÑO, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.-APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o informe complementario de data 6 de xullo de 2021, ICIO 5.007,67 €

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño,7 de xullo de 2021
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede

.- Expte de obra maior nº 51/2021.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte. de obras 51/2021 – **DAVID PIÑEIRO BOUZA (representado por Manuel Amable Varela Caabeiro)**. Para as obras de reforma de vivenda unifamiliar, c/ **[REDACTED]** **[REDACTED]** Parroquia de Valdoviño, en solo clasificado como **SOLO URBANO. RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVENDA UNIFAMILIAR**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Manuel Varela Caabeiro**.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa , segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 6 de xullo de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza para reforma de vivenda unifamiliar en C/ **[REDACTED]** **[REDACTED]**, parroquia de **VALDOVIÑO**, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros .

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Manuel Varela Caabeiro e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA) de data 7 de xullo de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma , xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 453,39, € ICIO .- 2.002,83 €

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño,6 de xullo de 2021
O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede

.- Expte de obra maior nº 205/2020.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte. de obras 205/2020 – JOSÉ MARÍA LÓPEZ ALONSO E MARÍA ROSA PORTA VEGA (representada por Paula Freire Dopico) . Para as obras de construción de vivenda unifamiliar, sita en **[Redacted]** Cadaval, Parroquia de **[Redacted]**, Valdoviño, en solo clasificado como **SOLO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA E SOLO NO URBANIZABLE (Común)**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Antonio Piñeiro Conchado**.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa , segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 8 de xullo de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar en **[Redacted]**, parroquia de **[Redacted]** VALDOVIÑO, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros .

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA) de data 8 de xullo de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma , xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose:
Taxas 48,08, € ICIO .- 1.992,48 €

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño,8 de xullo de 2021

O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2021.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, visto o informe de Intervención e visto o informe técnico do departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación:

“INFORME SOBRE BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación á convocatoria anual de subvencións municipais de apoio ao estudo

INFORMO:

1. Que á vista da necesidade de modificar conceptos e cantidade das liñas subvencionables para cubrir os diferentes aspectos relacionados co estudo modifícase o contido das bases en relación a isto.

2. Que entendendo que as necesidades de apoio ao estudo tamén existen para os rapaces e rapazas que superan os 18 anos e inician estudos profesionais ou universitarios, amplíase a idade das axudas para familias con fillos e fillas ata os 21 anos.

3. Que existe a subvención da Deputación de Coruña para gastos sociais extraordinarios, e tendo en conta as limitacións das zonas rurais e a situación socioeconómica actual, ademais da nova realidade escolar que introduce unha dinámica máis tecnolóxica, inclúese nesta convocatoria unha liña de axudas para a adquisición de material tecnolóxico.

4. Que se destina un crédito de 25000 euros para soste a previsión do gasto das solicitudes.

5. Que se inclúen nestas axudas os seguintes gastos subvencionables co obxectivo de cubrir a necesidade máis básica de cada nivel educativo:

1) Material para o estudo

1. 1. Gastos de material para o estudo e complementario que sexa necesario por consecuencia da escolaridade nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e universidade. Os conceptos específicos que se subvencionan son:

- Material escolar funxible (cores, libretas, folios, específico profesional, rato de ordenador, tinta de impresora, pendrive, etc)
- Material complementario: compás, regras, estoxo, mochila, libros de lectura.
- Material deportivo: chandal, tenis, camisetas e calcetíns.
- Material tecnolóxico: ordenador (portatil, CPU, pantalla, teclado..), tablet, impresora.

1.2.Gastos en concepto de matrícula no Punto de atención infantil do concello de ValdoviÑO.

2) Transporte

2.1 Gastos de transporte derivados do desprazamento aos centros de estudo (para alumnado de Bacharelato , Formación Profesional e Universidade). 6

6. Que se inclúen as seguintes contías:

	CONTIA DO 100%	CONTIA DO 50%	CONTIA ÚNICA
Material funxible, complementario e deportivo	90,00 €	45,00 €	
Material tecnolóxico	300,00 €	150,00 €	
Material Punto de Atención á Infancia			45,00 €
Transporte		100 €	

7. Que as bases foron revisadas polo departamento de servizos económicos
En Valdoviño, a 07 de xullo de 2021
Iria García Martínez Educadora Social”

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases reguladoras das medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2021.

En Valdoviño, a 07 de xullo de 2021
Alberto González Fernández O Alcalde”.

Despois de ver a proposta de Alcaldía e informe da área de servizos sociais para a aprobación das bases reguladoras das medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte, ano 2021, a Xunta de Goberno Local, por votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión acordou a súa aprobación.

4º.- PRÓRROGA DA CESIÓN GRATUITA DE DÚAS PARCELAS POR DON ANTONIO M. VARELA RODRÍGUEZ- PARCELAS CATASTRAIS 15088A001001270000HQ e 15088A001001280000HP EN CAMPELO-VALDOVIÑO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“ASUNTO: PRÓRROGA DA CESIÓN GRATUITA DE DÚAS PARCELAS POR DON ANTONIO M. VARELA RODRÍGUEZ-PARCELAS CATASTRAIS 15088A001001270000HQ E 15088A001001280000HP- EN CAMPELO VALDOVIÑO.

Visto o escrito de solicitude presentado por D. Antonio M. Varela Rodríguez en data 23 de xullo de 2019, no que se expón que sendo propietario de dúas fincas rústicas en Campelo- Valdoviño con referencias catastrais 5088A001001270000HQ e 15088A001001280000HP e estando éstas libre de cargas e gravámenes solicita a cesión gratuíta dos parcelas descritas ao Concello de Valdoviño ata o 31 de decembro de 2020.

Visto o informe de Secretaría de data 23 de agosto de 2019.

Considerando o informe de valoración de finca rústica da empresa Servicios Técnicos a la Ingeniería y la Arquitectura STIA.

Visto o informe emitido polo Arquitecto municipal en data 09 de setembro de 2019.

Visto o informe emitido por Intervención en data 05 de febreiro de 2020.

Visto que a Xunta de Goberno Local deste Concello e sesión ordinaria celebrada en data vinte e oito de maio de dous mil vinte acordou “A CESIÓN GRATUITA DE DÚAS PARCELAS POR

DON ANTONIO M. VARELA RODRÍGUEZ PARCELAS CATASTRAIS 15088A001001270000HQ E 15088A001001280000HP”.

Examinada a documentación que acompaña o expediente, esta Alcaldía en uso das atribucións atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985 reguladora do Réxime local e demais disposicións en vigor, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. - Prorrogar a cesión gratuita das fincas rústicas sitas en Campelo- Valdoviño con referencias catastrais 15088A001001270000HQ e 15088A001001280000HP que se ofreceu ao Concello de Valdoviño por D. Antonio M. Varela Rodríguez propietario das mesmas, ata o 31 de decembro de 2021. Dito período entenderase prorrogado tácitamente por períodos anuais, en tanto ningunha das partes manifeste á outra a súa intención de resolvelo, cunha antelación mínima de **TRES MESES**.

SEGUNDO. - Notificar o presente acordo ós interesados.

Valdoviño a 07 de xullo de 2021
O Alcalde
Asdo; Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

5º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE MÚSICA PARA O CURSO DE 2021/2022 E 2022/2023 (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA POR 2 CURSOS MÁIS) POR PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-

Expte. Nº: 2021/C004/000003

Vista a providencia de Alcaldía de data 07 de xullo de 2021

Visto informe de necesidade elaborado polo Técnico de Cultura, asinado en data 08 de xullo de 2021.

Visto informe de secretaría polo que se establece o procedemento aplicable, así como a proposta de pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación e que constan no expediente da cabeceira.

Considerando o informe de fiscalización de 08 de xullo de 2021.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía **PROPÓN**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, do servizo para a xestión da Escola de Música de Valdoviño para o curso 2021/2022 e 2022/2023, cun orzamento base de licitación de 103.292 euros, cantidade exenta de IVE en virtude do artigo 20.1.9 da Lei 3771992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido.

SEGUNDO: Aprobar a non división en lotes do presente contrato. Neste caso, de acordo co establecido no cadro de características técnicas do contrato, no punto 2.5, xustificase a mesma por considerar que a coordinación da execución das diferentes prestacións podería

verse imposibilitada pola división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 334.22799 do orzamento municipal do exercizo 2021, o gasto que para este Concello representa a devandita contratación para o ano en curso pola contía de 17.114,07 euros.

QUINTO: Publicar o correspondente anuncio no perfil do contartante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

Documento asinado electrónicamente polo sr. Alcalde Alberto González Fenrández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía antedita.

PARTE DE ACTIVIDADE

6º.- DECRETO PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL ADICIONAL 272021.-

Dáse conta á Xunta de Goberno do decreto de Alcaldía 404/2021 do seguinte tenor literal:

“Vista Circular da Deputación Provincial da Coruña Referencia SRP/PGV- Servizo de Plans: Circular sobre elaboración do POS* Adicional 2/2021 por miao achega da Deputación,

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, **RESOLVE:**

1.- “Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
REPARACIÓN DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRADIGAS...	173.075,33€	23.212,85€	196.288,18€
ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO	70.619,05€	9.472,10€	80.091,15€
TOTAL	243.694,38€	32.684,95€	276.379,33€

Mayor achega provincial asignada ao concello	243.694,38€
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase	243.694,38€
Diferenza pendente para a 2ª Fase	0 €

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e oito minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente, e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde